

CFJ/pmd

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

<b>EXPEDIENTE</b>	2024017000
<b>ASUNTO</b>	Designación dos membros do xurado do concurso MICRO-MUSEO 2024
<b>TRÁMITE</b>	Resolución Presidencial

**O Vicepresidente, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte Resolución:**

De conformidade co disposto na base 10ª da convocatoria do Concurso Micro-Museo para o ano 2024, aprobadas por Resolución Presidencial núm. RP2024002365, de data 21 de marzo de 2024, RESOLVO designar os seguintes membros para formar parte do xurado encargado de emitir o fallo:

**Presidenta:** Sabela Santos Filgueira, Responsable da Unidade de Educación do Museo de Pontevedra.

**Secretaria:** Paula Tilve Otero. Responsable da Sección de Educación e Públicos do Museo de Pontevedra.

**Vogal:** Moisés Álvarez Jorge. Coordinador de Difusión e Contidos Divulgativos do Museo de Pontevedra.

O tribunal constituirase o día 04 de xuño de 2024 as 13:00 horas na Sala de Xuntas do edificio Fernández López do Museo de Pontevedra.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

*(Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe)*

